



1º COMENTARIO DE TEXTO HISTÓRICO VOLUNTARIO. (10 PUNTOS)

DATA DE ENTREGA: 10-I-2026

Realiza un comentario deste texto histórico atendendo aos seguintes criterios:

- Identificación do tema.
- Contextualización do documento.
- Comentario do proceso histórico/tema que se reflicte no documento.

DOC. IDEARIO POLÍTICO DE CÁNOVAS

A política é a arte de aplicar en cada época da historia aquela parte do ideal que as circunstancias fan posible; nós vimos ante todo coa realidade; nós non habemos de facer nin pretender todo o que quixésemos, senón todo o que neste instante pode aplicarse sen perigo. [...]

Hai moita diferenza entre falar de Constitución interna á beira dunha Constitución expresa e escrita, nese caso existe contradición notoria, e falar de Constitución interna nun país onde, polas circunstancias dos feitos, non queda en pé Constitución algunha escrita. Onde isto acontece non pode menos de dicirse que non hai Constitución algunha vixente; e como, con todo disto, é imposible que un país viva sen algúns principios, sen algúns fundamentos, sen algúns xermes que desenvolvan a súa vida. [...] Chamade a isto como queirades; se non vos gusta o nome de Constitución interna, poñede outro calquera; pero hai que recoñecer de feito que existe. [...]

Invocando toda a historia de España, crin entón, creo agora, que, desfeitas como estaban por movementos de forza sucesivos todas as nosas Constitucións escritas, á luz da historia e á luz da realidade presente só quedaban intactos en España dous principios: o principio monárquico, o principio hereditario, profesado profundamente - ao meu xuízo- pola inmensa maioría dos españois, e, doutra parte, a institución secular das Cortes.

ANTONIO CÁNOVAS DEL CASTILLO